https://atopecoasaude.blogspot.com/

Proxecto documental integrado

CEIP DE LEIRADO

Salvaterra de Miño

Curso 2020-21

IINTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Facíase moi evidente ao comezo do curso 2020-21 a necesidade de falar do tempo que viñamos de pasar traballando dende a casa, da situación vivida, do como e do porqué. Ademais, había que formar ao alumnado nas novas normas e hábitos na escola, derivadas da pandemia. Por tanto, foi unánime a proposta da temática sobre a que trataría o proxecto deste curso: **a saúde.**

Nun primeiro achegamento ao currículo establecemos facilmente relacións cos bloques de **contidos** de todas as materias:

Ciencias da Natureza	Iniciación á actividade científica, O ser Humano e a saúde, Os seres vivos, Tecnoloxía e descubrimentos científicos.
Ciencias Sociais	A vida en sociedade, As etapas da Historia
Linguas Galega e Castelá, Literatura	Tipoloxías textuais, comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita, ortografía.
Matemáticas	Interpretación de datos numéricos, medicións, cálculos, estatísticas, porcentaxes.
Plástica	Uso de recursos visuais e plásticos para presentar información
Música	A voz como instrumento, movemento e danza
Inglés	Adquisición de vocabulario, expresión oral e escrita
E. Física	Imaxe e percepción do corpo, Actividade Física e Saúde

As **competencias clave** relacionámolas coa tipoloxía de tarefas a desenvolver:

COMPETENCIAS	
CCL	A través dos procesos de traballo coa información e comunicación da mesma.
CAA	Desenvolvendo estratexias para seleccionar a información, interpretala e comunicala.
CEC	Valorando aportacións de persoas expertas da nosa comunidade ou fóra dela, e o coñecemento compartido.
CMCT	Interpretando e calculando datos e gráficas, realizando experimentos

CSIEE	Deseñando e levando adiante ideas e proxectos propios
CD	Utilizando dispositivos tecnolóxicos para informarse e para comunicar, realización de produtos dixitais como presentacións, podcast e vídeos
CSC	Desenvolvendo actitudes saudables, sendo cidadáns activos e participativos, traballando en equipo.

E como **obxectivos** xerais do proxecto definimos os seguintes.

- Coñecer e valorar a saúde na súa amplitude de aspectos.
- Desenvolver hábitos saudables na vida cotiá.
- Adquirir e ampliar coñecementos científicos relacionados co ámbito da saúde.
- Valorar as fontes científicas e aprender a identificar información non contrastada.
- Coñecer feitos e fitos históricos relacionados con avances científicos que melloraron a nosa saúde e aumentaron a esperanza de vida.
- Divulgar os nosos coñecementos en beneficio da nosa comunidade.

Os elementos estruturais e organizativos da escola que sostiveron o desenvolvemento deste proxecto anual podemos resumilos así:

- ✓ Continuamos coas liñas que xa tiñamos do noso PFPP, de Aprendizaxe Cooperativa e Deseño de tarefas integradas, engadindo como nova liña iniciarnos no Deseño Universal de Aprendizaxe. Participamos no PFPP a totalidade do profesorado.
- ✓ Continuamos no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e nos programas de Biblioteca Creativa e Voluntariado de Lectura. A Biblioteca Escolar gañou en amplitude e recursos nos últimos cursos, o que favorece metodoloxías activas e creativas, con espazos vinculados a ela como o de cociña e radio.
- ✓ Contamos tamén con ordenadores para o alumnado en 5º e 6º de Primaria, no proxecto EDIXGAL.
- ✓ O centro anotouse no Plan Proxecta, no programa Proxectos de Vida Activa e Deportiva, coordinado pola mestra de Educación Física.

- ✓ A través do programa ARCO, unha mestra traballou apoiando nas aulas de 4º, 5º e 6º.
- ✓ O apoio nas aulas da mestra PT e da especialista de aula TEA permitiu adaptar as propostas á diversidade do alumnado.

No proxecto participou a totalidade do alumnado e profesorado.

Distribuímos tarefas a realizar ao longo de todo o curso, organizadas por trimestres, e tratando de integrar algunhas das celebracións anuais e datas conmemorativas que tivesen relación, así como obxectivos dos equipos docentes de Biblioteca, TIC, EDLG e Complementarias.

O protocolo sanitario impedía os encontros para compartir a información entre grupos, recibir visitas na escola ou realizar saídas. As alternativas foron os medios tecnolóxicos en diferentes formatos.

OBXECTO E TEMÁTICA

Partindo da situación da pandemia da Covid19 como conexión coa realidade e centro de interese, comezamos a falar de saúde. Agrupamos o desenvolvemento en catro bloques, que parten da reflexión e ideas previas, para pasar á investigación e o coñecemento, e rematar coa divulgación.

Partindo da definición de saúde que da a OMS propoñemos abarcar os seguintes campos:

Alimentación, hixiene, actividade física, servizos sanitarios, coidado emocional, convivencia saudable e coidados do medio ambiente.

PROCESO DE DESEÑO DA PROPOSTA

No claustro de principio de curso decidiuse a temática e relación co currículo.

Dende o equipo de Biblioteca elaborouse o esquema básico, que se puxo logo en común na reunión de coordinadores con xefatura de estudos e dirección. Nela decidimos conmemoracións a incluír e actuacións xerais para todo o centro.

De seguido, en reunión con todo o profesorado fóronse adxudicando as temáticas, engadindo suxestións e propostas das mestras e dando forma ao calendario de partida, que quedou así:

1º trimestre			
Temporalización	**Contidos**	**Tarefa/actividade**	**Produtos**
Primeira semana de outubro	Introdución Motivación Reflexión	CREACIÓN DE LOGOS Elección do logo do Proxect	Logotipos en formatos diversos
Outubro Novembro	**Bloque 1.Queremos sabe** Microorganismos: virus e bacterias Como se defende o noso corpo das enfermidades As vacinas, historia Científicos e científicas Pandemias históricas Historia da medicina Os servizos de saúde O noso corpo	Investigación sobre o tema que nos corresponda a cada curso para compartilo cos demais cursos	Presentación dixital Vídeo Podcast Mural …
Final de novembro		Compartimos o aprendido	
2º trimestre			
Temporalización	**Contidos**	**Tarefa/actividade**	**Produtos**
Xaneiro febreiro marzo	**Bloque2. Como practicar hábitos saudables** Prevención de enfermidades Prevención de accidentes O descanso O exercicio físico A alimentación A hixiene A convivencia saudable Xestión das emocións A saúde na contorna	Reto: aprendemos a ser saudables	Entrevistas Enquisas Debates Noticias Contos Cancións Poesías …

3º trimestre			
Temporalización	**Contidos**	**Tarefa/actividade**	**Produtos**
Abril Maio xuño	**Bloque 3. Divulgación** Obxectivo 3 da axenda 2030 de desenvolvemento sostible: saúde e benestar para tod@s	Campaña de concienciación	Vídeos de concienciación Titoriais de determinadas actividades Posters Artigos para a revista escolar Preparación de postos informativos para o evento final
Ao longo do curso	Glosario de termos, agrupados en campos semánticos, un campo por clase		
Ao longo do curso	Charlas con expertos a través de videoconferencia		
Datas conmemorativas a relacionar co proxect	15 outubro: día mundial do lavado de mans 24 novembro: día contra a violencia de xénero 7 de abril: día mundial da saúde		
Fin de curso	Feira da Saúde…ou similar, dentro do que permita a situación sanitaria		

Decidimos o nome do proxecto: **A TOPE COA SAÚDE**

En cada grupo de nivel adaptouse o deseño das tarefas á programación de nivel ou área, secuenciando actividades e seleccionando estándares avaliables para cada unha delas. As mestras especialistas colaboraron nese deseño con algunha das titoras, traballo que forma parte do noso PFPP.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	**ESTÁNDARES AVALIABLES**	**COMPETENCIAS**
1 -PLANIFICACIÓN DO PROXECTO	• LGB1.3.1 Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias • LGB1.3.4 Participa no traballo en grupo, así como nos debates.	• CCL • CAA • CSC • CSEIEE
2- BUSCAR E CLASIFICAR A INFORMACIÓN ATOPADA	• LGB2.1.7 Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento • LGB2.5.1 Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. • LGB3.5.1 Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. • CNB1.1.4 Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. • CNB2.3.1 Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	• CCL • CAA • CSIEE • CCL • CD • CSIEE
3- POSTA EN COMÚN DA INFORMACIÓN ATOPADA	• LGB1.9.1 Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	• CCL • CAA • CSIEE
4- *ELABORACIÓN DO GUIÓN PARA MONTAR UN DOCUMENTAL CON DATOS E CONSELLOS SAUDABLES*	• CNB1.2.2 Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. • CNB2.2.1 Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	• CMCCT • CCL



1.IDENTIFICACIÓN DA TAREFA "A TOPE COA SAÚDE" 2º TRIMESTRE

TAREFA INTEGRADA, TÍTULO: "PREVENCIÓN DE ACCIDENTES" **NIVEL e ETAPA:** 5º e 6º EDUC.IFANTIL
ÁREA (S) /MATERIA(S): GLOBALIZADA **COMPETENCIAS CLAVE:** CCL, TICD, CSC, CCA, CAA, AIP
MESTRES/AS: **TEMPORALIZACIÓN:** 1ª QUINCENA MARZO

ACTIVIDADE 1: debate e chuvia de ideas sobre o que entendemos por accidente, cantos tipos distintos coñecemos, si sufrimos algún algunha vez, como nos sentimos...

ACTIVIDADE 2: colaboración das familias. Elaboración dunha nota pedindo ás familias que compartan co grupo algunha experiencia de accidentes sufridos pol@s nen@s. Compilación nun libro (produto intermedio)

ACTIVIDADE 3: busca e selección na rede das imaxes que representan os accidentes infantís máis habituais

ACTIVIDADE 4: debate e posta en común dos motivos que provocan determinados accidentes e das accións que se deberían desenvolver para evitalos.

ACTIVIDADE 5: confección dun libro (produto final) no que se recollen as ilustracións seleccionadas acompañadas dos textos explicativos elaborados individualmente.

EXERCICIOS:

- Chuvia de ideas
-Redacción dunha nota para as familias (segundo a etapa de lectoescritura na que se atopa cada nen@)
-Comunicación ao grupo da información obtida na casa.
-Representación gráfica dun accidente vivenciado
-Narración oral dunha vivencia accidental .
-Escritura de palabras clave:accidente, golpe, afogo, etc
-Selección de imaxes:cortar e pegar nun documento de word
-Impresión das imaxes
-Recortado e pegado de imaxes (1 por páxina,centrado...)
-Descrición escrita da acción representada na imaxe
-Exposición coherente de ideas e argumentos
-Emprego da máquina perforadora para furar os folios
-Confección e montaxe do"libro dos accidentes"

No horario de Biblioteca cada grupo dispuxo de dúas horas semanais para o uso da mesma, ademais da biblioteca de aula que tamén dispón de recursos en préstamo renovables durante o curso segundo necesidade.

Abrimos un blog colaborativo onde ir compartindo o traballo con toda a comunidade e difundindo o aprendido.

Para comezar mandamos ás aulas unha mensaxe secreta e a primeira proposta: elaborar logotipos para o proxecto despois da reflexión.

Algunhas das propostas do calendario non se realizaron ou realizáronse doutro xeito, e outras novas ideas xurdiron nas aulas no desenvolvemento do traballo como froito dos intereses xerados.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA

Para o profesorado:

- ✓ Selección e exposición de libros
- ✓ Selección de recursos web en Symbaloo
- ✓ Blog do proxecto
- ✓ Documento de deseño da proposta

Para o alumnado:

- ✓ Guions para a busca de información
- ✓ Documentos de traballo para reforzar o aprendido
- ✓ Propostas nas aulas virtuais
- ✓ Materiais para as actividades do Día Mundial da Saúde, adaptados aos diferentes niveis e capacidades.
- ✓ Titorial para facer chapas
- ✓ Documentos para enquisas e gráficas
- ✓ Textos adaptados para lectura

TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

COMÚNS DE TODA A ESCOLA	Elaboración de logotipos para o proxecto 25N: Lecturas e elaboración de chapas con lemas Participación no Programa Os Bolechas na Escola da CRTVG Entroido: elaboración de disfraces e coplas Día Mundial da Saúde: Xincana Colaboración co Proxecto Ríos do CIFP A Granxa Revista escolar AGROMAR Exposición final e maratón de radio
4º de E. Infantil	Coñecemos o Hospital O libro da hixiene diaria Cos cinco sentidos: experiencias sensoriais e láminas
5º e 6º de E. Infantil	A nosa canción para lavar as mans Videopoema FROITAS, de Antonio Rubio e Óscar Villán Prevención de accidentes e servizos de emerxencias: vídeo explicativo
1º de Primaria	As vacinas: vídeo informativo O descanso: enquisa, programa de radio A saúde da nosa contorna: conto Kamishibai
2º de Primaria	Científicas e científicos: vídeo documental Coidarnos, prevención de enfermidades: mural e vídeo Elaboración de pan e elaboración de papel reciclado Reduce o lixo na túa contorna: enquisa, cartas, mural Conto Kamishibai
3º de Primaria	As orixes da Medicina: mural e radio Día Mundial do Lavado de Mans: programa de radio A actividade física: mural e radio
4º de Primaria	Nutrición e saúde: vídeo+ presentación dixital Robótica médica: mural e creación dun robot Día da muller e a nena na Ciencia: mural+presentación Día da Terra: mural Prevención de accidentes: Vídeo Profesións relacionadas coa saúde: documento compartido.
5º de Primaria	Os microorganismos: vídeo documental O coidado emocional: mural+programa de radio O “nutriprato”: representación plástica
6º de Primaria	Pandemias históricas: mural+vídeo. Análise da protección da saúde na Constitución: doc. compartido Convivencia saudable: historietas de cómic O son nas nosas vidas: Expositor con lapelas Mentes curiosas: artigos para a revista Elaboración de pan
Música	Día Mundial do Lavado de Mans: interpretación da “Canción dos dedos” de Migallas, todos os grupos.
Inglés	Recicling Game, elaboración dun xogo, co grupo de 2ºP Refráns anglosaxóns relacionados coa saúde: revista 6ºP
Educación Física	Milla Diaria: no 3º trimestre, todos os grupos DAFIS: 4º, 5º e 6º Sesións de ioga en 1º de Primaria Control da frecuencia cardíaca, con 3º de Primaria

Despois de moito pensar na fórmula para o evento final porque se mantiñan as restricións sanitarias, finalmente decidimos convidar a familias e persoas interesadas a ver a exposición dos traballos do alumnado. Realizouse a exposición no exterior do colexio, zona anexa que conduce ao pavillón deportivo. O alumnado permaneceu dentro da escola, pero pola megafonía soou o "Maratón Radiofónico", con intervencións de todos os cursos gravadas previamente e conducido polo alumnado de 6º de Primaria.

O alumnado de 3 anos falou dos sentidos, o grupo de 4 e 5 ofreceu pequenas pílulas sobre curiosidades do corpo, intercaladas ao longo do programa.

O grupo de 1º de Primaria mantivo unha animada tertulia sobre as características deste curso "pandémico".

Os nenos e nenas de 2º falaron da súa investigación sobre a redución do lixo e en 3º, que xa son expertos e expertas na actividade física deron os seus consellos e contaron en que consiste a actividade da "Milla Diaria".

O grupo de 4º montou a parodia "A avoa María cumpre 100 anos", na que unha avoa centenaria conta aos nenos os segredos da súa lonxevidade, 5º falou do seu "nutriprato" e outros consellos relacionados coa alimentación, e en 6º buscaron algunhas boas novas na prensa para comentar ao auditorio.

As tarefas e actividades foron compartidas nas seguintes ligazóns e na revista AGROMAR.

Blog do proxecto

Biblioteca Escolar

RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Utilizáronse os recursos e espazos que ofrece a escola: ordenadores, tabletas, pantalla, croma, robots, lupas, instrumentos de medida, xogos, utensilios de cociña, impresora 3D, máquina de chapas, equipo de radio, materiais do pavillón deportivo e materiais funxibles de diversos tipos.

As fontes de información utilizadas foron:

- ✓ A selección de fondos da Biblioteca
- ✓ Selección de recursos web
- ✓ Outras fontes que se atopan mencionadas nos traballos das aulas.

Seleccionáronse tamén materiais de ficción para incluír nas actividades de lectura e comentar nas aulas, lidos por familias, polo alumnado voluntario da Biblioteca ou polas mestras:

- ✓ Á sombra dos anacardios (Antón Fortes/Simona Mulazzani,OQO)
- ✓ Cándido e os demais (Fran Pintadera /Christian Inaraja, Kalandraka)
- ✓ E que podo facer eu? (José Campanari, OQO)
- ✓ La caja de Pandora (Gran libro de los mitos griegos, ED.Planeta)
- ✓ O xigante secreto do avó (David Lichfield, Hércules)
- ✓ Una montaña cualquiera (Fran Pintadera, Takatuka)
- ✓ Guapa (Canizales, Apila Ediciones)
- ✓ A cousa que máis doe do mundo (Paco Liván/Roger Olmos, OQO)
- ✓ Bolobo (Nono Granero, E. Milrazones
- ✓ O libro dos porcos (Anthony Browne, Kalandraka)
- ✓ ¿Hay algo más aburrido que una princesa rosa? (R. Díaz Reguera, Thule)
- ✓ O año que é un porquiño (Pim Lammers, Hércules Ed.)
- ✓ Selección de vídeos para o 25N

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

As familias colaboraron, aínda dende a distancia, aportando información e apoiando ao alumnado, lendo lecturas e acudindo á exposición final, onde algunhas se animaron a facer foto e difundir nas redes sociais. Houbo quen comentou que estaban cambiando certos hábitos de alimentación na casa.

As nosas dúas coidadoras sempre presentes, co seu alumnado e con todos os demais, participaron en todo o proceso.

A xardineira mantivo limpas e vistosas as nosas plantas e o noso patio, plantou hortalizas e conversou co alumnado facéndoo partícipe do seu labor.

As limpadoras, co seu traballo extra este curso, mantiveron a escola moi limpa para que non entrase o virus.

Todas as mestras, cadaquén dende o seu nivel ou especialidade, participaron no proxecto.

O alumnado, coma sempre, respondeu con implicación e interese ás tarefas do proxecto.

A alcaldesa de Salvaterra de Miño visitou a nosa exposición e axudou a difundila:

https://www.comarcasnarede.com/comarcas/o-condado/salvaterra-de-mino/fin-de-proxecto-interdisciplinar-anual-a-tope-coa-saude/

AVALIACIÓN REALIZADA

Como temos dúas titorías de E. Infantil e seis titorías de Primaria, as reunións de nivel fanse conxuntamente, unha vez ao mes. Nelas foise valorando o proceso de traballo, modificando, engadindo ou quitando actividades, segundo se foi desenvolvendo o proxecto.

Na última reunión a valoración das mestras sobre os obxectivos xerais do proxecto e a integración no currículo foi positiva e a implicación do alumnado altamente positiva. As propostas de mellora son o cumprimento da temporalización, e avanzar na avaliación dos procesos de aprendizaxe e das producións do alumnado.

Utilizamos para avaliar as producións e o proceso de traballo do alumnado a observación directa, os diarios de sesión dos equipos cooperativos, listaxes de cotexo, rúbricas e dianas de avaliación, implicando ao alumnado na reflexión sobre o seu traballo e na definición das súas melloras. Tamén probas obxectivas nas que se evidencien aprendizaxes de conceptos e coñecementos. Deste xeito imos incorporando o proxecto anual dentro das programacións didácticas sen que supoña un traballo extra.

Os instrumentos xa os tiñamos elaborados de cursos anteriores, introducimos modificacións segundo necesidade, pois son modelos editables:

De traballos en equipo

Exemplo en Infantil

Exemplo en Primaria

Para outras valoracións, como exposicións orais, buscas de información ou textos escritos utilizamos rúbricas estandarizadas e listaxes de cotexo segundo a necesidade.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BE

A Biblioteca Escolar é lugar de traballo, de reunión e de exploración libre. Este curso adaptándonos ás restricións do protocolo Covid a asistencia foi en quendas dun único grupo. Cada clase tivo dúas horas semanais de asistencia en horario de clase e quendas en horario de recreo.

Na Biblioteca están todos os recursos comúns compartidos. Utilizáronse libros, revistas, ordenadores, tabletas, mesa multitáctil e pantalla, materiais de creación, escornabots…así como os espazos de cociña e radio.

Dende o equipo de Biblioteca fanse seleccións de recursos, fanse visibles e facilítase o seu uso. Tamén se elaboran as propostas relacionadas coa lectura, escritura e alfabetización en información, que figuran no Proxecto Lector de Centro, a desenvolver no Proxecto Documental Integrado.

Leirado, 8 de xullo de 2021